


Unidade Didáctica para Primaria

"Dun Plumazo"



Cabeceira da marcha do Día Internacional da Liberación Homosexual, 25 de xuño de 1978 (Madrid). Fotografía de Chema Conesa

Autoría Mar F. Cendón



O título deste traballo
é un recoñecemento e
unha homenaxe ao traballo activista
no que se centra esta unidade
didáctica.

No ano 1991 creouse
no barrio de Lavapiés, en Madrid,
o grupo activista La Radical Gai
(1991-1997). Ademais do seu
activismo político, en alianza co
grupo de lesbianas LSD (1993-1998),
elaboraron materiais teóricos,
fanzines, carteis e as revistas
De un Plumazo e Non Grata.



hoje chegou a Deusa Ostara
cheia de ovos fecundados
saim da casa e caminhei
dezassete quilómetros sem rumbo
só para celebrar
o momento do afora
e todo é tam mágico neste quotidiano
onde a vida está prestes
prestes a abrolhar

[María Rosendo Priego/Andrea Nunes Brións, *Diáspora do Amor Balea*]

O 17 de abril de 1990 a OMS eliminaba por fin a homosexualidade da lista de enfermidades mentais no Capítulo V do CIE-10 (Clasificación Internacional de Enfermidades). A día de hoxe tanto este sistema, como o Manual Diagnóstico e Estatístico dos Trastornos Mentais (DSM-5) da Asociación Psiquiátrica Americana (APA), seguen a xerar moitos debates e rexeitamento polo papel da ideoloxía nos sistemas de clasificación e nos usos profesionais, legais e sociais que se lles dá.

A pesar destes e outros cambios na situación legal e nas vidas das persoas con identidades non normativas a lgtbifobia segue a ser unha realidade na maioría dos ámbitos sociais e unha forma de violencia presente na vida de moitas persoas.

O UNFPA (Fondo de Poboación das Nacións Unidas) estableceu no ano 2013 catro tipos principais de homolebbitransfobia:

- Afectiva: a que se refire a sentimentos de rexeitamento ou repulsión cara as persoas con identidades non normativas (evitar calquera contacto físico ou social, incomodidade ante as mostras de afecto en público...).
- Condutual: a que recolle os comportamentos de mal trato cara as persoas LGTBI (bromas, burlas, agresións físicas etc.).
- Cognitiva: a composta por ideas, estruturas mentais e prexuízos sobre a diversidade, considerándoa como algo negativo, antinatural ou amoral.

- Institucional: conformada polas desigualdades nas leis, distintos tratamentos nos medios ou calquera conduta discriminatoria por parte de unha organización estatal ou unha institución social.

No traballo para crear espazos educativos diversos debemos apostar pola cultura da igualdade. Esta unidade céntrase no traballo dos colectivos activistas pola diversidade sexual e das persoas que loitaron individual ou organizadamente polos dereitos da diversidade sexual. Estas experiencias persoais e colectivas experimentaron con formas de acción que fixeron que a súa existencia e, mesmo nalgúns contextos, supervivencia, fose en si un acto de resistencia que debe ocupar un lugar propio nas nosas historias e no ámbito educativo. Aprendamos delas!

Obxectivos xerais

Esta Unidade Didáctica propón uns obxectivos que tratan de sumar ao traballo proposto nas unidades elaboradas e publicadas no ano 2018 *Normal é un programa da lavadora*.

- Dar visibilidade e recoñecemento aos movementos sociais que transformaron a nosa historia
- Traballar a diversidade nas aulas a través de fórmulas e experiencias sociais contemporáneas
- Potenciar a capacidade de acción do alumnado
- Fomentar a capacidade creativa do alumnado como ferramenta para a resolución de conflitos.

Metodoloxía

Partimos da idea de que todas as persoas precisamos información, formación e condicións para orientar os cambios persoais e sociais nos que participamos. Os contidos que desenvolve esta unidade didáctica pretenden, para contribuír a isto, ofrecer un lugar para reflexionar sobre as relacións que articula o sistema sexo-xénero e sobre a riqueza que ofrece a diversidade.

Queremos que esta proposta se articule como un convite a partir das experiencias propias e a doutras persoas anteriores a nós que, coa súa forma de ser e de estar no mundo, creron e crearon as posibilidades para relacionarnos en igualdade.

A metodoloxía de traballo é dinámica e participativa, situando no alumnado a capacidade de acción. As actividades céntranse na aprendizaxe significativa e a cooperación como fórmulas efectivas de transformación social. Predominan os xogos que van permitir crear outras estruturas de pensamento, baseados na liberdade, que facilita a aprendizaxe. A través do simulacro créanse as posibilidades para construír outros mundos a través do pracer a a diversión.

Traballamos desde unha perspectiva feminista que procura ser tamén interseccional, é dicir, que busca recoñecer que a clase social, a idade, a procedencia étnica, as crenzas, a lingua ou a (dis)capacidade son variables que se relacionan e nos atravesan.

Bloque 1

Reivindicar

En xullo de 1954 o goberno da ditadura modificou os artigos 2º e 6ª da republicana Lei de vagos e maleantes para incluír ás persoas homosexuais que serían castigadas con penas de cárcere.

Artigo segundo.—Número segundo.—Os homosexuais, rufiáns e proxenetas.

Artigo sexto .—Número segundo.—Aos homosexuais, rufiáns e proxenetas, aos mendigos profesionais e aos que vivan da mendicidade allea, exploten menores de idade, enfermos mentais ou tolleitos, aplicaráselles, para que as cumpran todas sucesivamente, as medidas seguintes:

- a) Internado nun establecemento de traballo ou Colonia Agrícola. Os homosexuais sometidos a esta medida de seguridade deberán ser internados en Institucións especiais e, en todo caso, con absoluta separación dos demais.
- b) Prohibición de residir en determinado lugar ou territorio e obriga de declarar o seu domicilio.
- c) Submisión á vixilancia dos Delegados.

Os presos homosexuais clasificados como activos –ou de nacemento ou pluma- eran levados ao cárcere de Huelva e os pasivos –ou por vicio- á de Badaxoz para ser reeducados a través do traballo (coser balóns de fútbol, entre outras tarefas), as charlas con sacerdotes e as descargas de correntes eléctricas. As lesbianas foron internadas en hospitais psiquiátricos –onde en moitas ocasións recibiron tratamentos de electrochoque- ou conventos. As persoas trans foron consideradas tamén dentro desta clasificación sen

atender a que se trataba dunha identidade de sexo ou de xénero e non unha orientación sexual marxinal¹.

A primeira manifestación convocada polo movemento lgbtqi+, que tivo lugar o 26 de xuño de 1977 en Barcelona, pedía a abolición completa da Lei de perigosidade social e do código de honor militar e foi reprimida cunha violenta carga policial

No consello de ministros de 26 de decembro de 1978 as persoas homosexuais son por fin excluídas da lei, grazas á presión dos movementos activistas, aínda que a homosexualidade seguiu estando perseguida baixo a acusación de escándalo público ata 1988.

Obxectivos específicos

- Situarnos como suxeitos con capacidade de acción
- Recuperar a historicidade dos movementos sociais
- Enriquecer un imaxinario diverso

Actividades

1

Visibles e invisibilizadas

Materiais: non son precisos.

Desenvolvemento: Traballaremos con dous grupos de diferentes tamaños. Os grupos poden ser determinados ao azar ou en base a unha característica compartida (cor de pelo, número de irmáns ou irmás, altura, número de pé que calzan, ter nacido nun mes ou nun día da semana determinado etc.). Separaremos a cada grupo para darlles as pautas desta actividade. O grupo máis pequeno terá que comportarse de forma habitual e observar o que sucede na clase e como son os comportamentos das outras crianzas. O grupo máis grande terá que ignorar e invisibilizar ao grupo pequeno cando se incorpore á aula. Farán que non escoitan as súas achegas, non as terán en conta para tomar decisións nin para participar nas actividades, ignorarán o traballo feito polo grupo máis pequeno...

Estableceremos un tempo para levar a cabo a actividade. Pode ser durante unha clase habitual ou para realizar unha actividade conxunta concreta.

¹ Cualifícase como marxinal no sentido de situada nas marxes.

Rematado o tempo facilitaremos un espazo no grande grupo para que poidan expor o que sucedeu e como se sentiron. Pódense empregar preguntas chave para dinamizar a participación: Que características diferenciadas tiñan os dous grupos? Era máis doado pertencer ao grupo maioritario ou ao minoritario? Como nos sentimos cando ignoramos a alguén? Como nos sentimos cando nos ignoran a nós? Que estamos facendo cando nos comportamos así con alguén? Pensades que, a nivel social, sen dan tamén este tipo de actitudes cara algún grupo de persoas? Quen se comporta así e quen recibe este trato? Que efecto consegue? Ten algo que ver co poder? A quen favorecen? A quen desfavorecen? Que provoca estes comportamentos de mal trato aos colectivos minorizados? Como podemos protexernos destes comportamentos cando son cara nós ou cara alguén do noso grupo? Podemos coidarnos colectivamente para minimizar estas situacións?

Chaves: Unha das principais reivindicacións dos colectivos sociais pola diversidade é o de



denunciar o maltrato que supón a invisibilización das persoas con identidades non normativas. Son frecuentes as estratexias nas que se trata de dar visibilidade a persoas e experiencias que rompen coa heterosexualidade e coa cisnormatividade. Exemplo destas prácticas

son os proxectos concretos de visibilidade ou cando unha persoa «sae do armario»² cunha intención política. Un exemplo son as tácticas do colectivo de acción directa **Queer Nation** que, con esta intención, rebelaba a homosexualidade real, ou non, de persoas públicas.

Resulta interesante establecer un mecanismo de protección na aula que favoreza un clima de bo trato. De forma simbólica podemos ter unha papeleira na que tirar todo o que, de xeito individual ou colectivo, chegue ao grupo reproducindo estas situacións e co que non nos queremos quedar. É conveniente tratar estas situacións para que as nenas e nenos adquiren a capacidade de identificalas, analizalas e dotarse de ferramentas para protexerse delas. Tamén se podería establecer outro mecanismo como unha resposta consensuada polo grupo para que, cando suceda, quen está agredindo poida identificar que o seu comportamento non é o axeitado e a outra crianza se está sentido mal tratada.

² Este termo está explicado no glosario de *Normal é un programa da lavadora*.

2

Superpoderes e supersaberes

Materiais: follas e material para escribir e, se decidimos facer unha radionovela, unha gravadora.

Desenvolvemento: Imos participar na creación de novos referentes positivos e non estereotipados. En pequenos grupos crearemos unha historia que cuestione a heteronormatividade. Non ten por que ser protagonizada por alguén con prácticas ou



cunha identidade non heterosexual senón que sexa a propia narrativa a que cuestione a orde identitaria e as construcións da sexualidade predominantes. Cada grupo buscará un nome e idearán unha historia na que participen tantas personaxes como crianzas formen o grupo. Poden realizar unha historia en banda deseñada coa técnica que o grupo decida ou ben elaborar un guión que poden ensaiar para pór en escena e gravalo como unha radionovela.

Chaves: Nas representacións culturais, a pesar dos avances dos últimos anos, seguen sendo escasos os referentes positivos e non estereotipados. É importante contribuír a un imaxinario da diversidade diverso e con moitas posibilidades para enriquecer o tratamento da identidades non hexemónicas.

No ano 2011 o colectivo colombiano **Mujeres AL BORDE** produciu, a través do grupo de creación colectiva **Queer Teatro Las Aficionadas**, unha historieta e unha radionovela sobre as aventuras da axencia de investigación de Ruda «a Bigotuda» e a súa secretaria e amor, Concha.

3

Museo de...

Materiais: os elementos que se identifiquen durante o proceso creativo desta acción, mesas, caixas ou algún outro soporte para dar forma ao museo.

Desenvolvemento: Dinamizaremos un foro para tratar as cuestións da diversidade sexual na aula. Trataremos de identificar aqueles aspectos nos que o grupo teña máis interese: historia, referentes, accións, debates actuais, representacións etc. Unha vez consensuado o tema que máis lles soe imos construír un museo para comunicar e expor esa cuestións concreta e que sirva como un recurso educativo dentro da escola.

Chaves: Esta proposta, que pretende recoñecer o espazo social das identidades sexoafectivas minorizadas, parte do *Museo Feminista Itinerante* creado e dinamizado polo colectivo de mulleres ourensanas **Lerchas**, activo na primeira década do século XXI. Esta tradición vén dos museos das mulleres que se empezaron a desenvolver na década de 1980 nos países escandinavos. A cuestión do arquivo segue a ser un tema non de todo resolto a pesar de que xa existen iniciativas –non de todo satisfactorias para o activismo polo seu carácter institucional- como o *¿ArchivoQueer?* do Museo Reina Sofía ou o material que está a recoller a Comisión de Xénero do Consello da Cultura Galega sobre o movemento feminista galego.



Bloque 2

Celebrar

A condena social da diversidade sexoafectiva apoiada en institucións sociais como a medicina ou o aparato lexislativo foi unha realidade durante moito tempo. De feito, segue a estar presente, en diferentes graos, en todo o planeta. Esta situación afecta á capacidade das persoas que forman parte deste colectivo para poder desenvolver conciencia da súa propia historia.

As primeiras organizacións disidentes sexuais apareceron a finais do século XIX –aínda que xa antes se daban este tipo de grupos a pequena escala en todas as culturas e momentos históricos. A supervivencia a estes contextos de persecución e mal trato está relacionada coa activación de comunidades afectivas baseadas no coidado e o apoio mutuo como eixes fundamentais das estratexias de resistencia.

Reparar esta crónica de violencia pasar por reivindicar que historias e imaxinarios inclúan a todas as persoas e non só a quen se sitúan nas posicións de poder. Ou, como sinala o

Movimiento Maricas Bolivia «asumirse» e «saír dos espazos violentos de algún modo». Que sexa entón celebrando a riqueza da diversidade.

Obxectivos específicos


- Recoñecer o espazo social das identidades non hexemónicas
- Ter presente o carácter reivindicativo do Orgullo
- Celebrar a riqueza da diversidade

Actividades

1

Posa

Materiais: Fragmentos para proxectar algunha peza de *voguing* como as que aparecen na película documental *Paris is burning* (1990) de Jennie Livingstone ou na serie *Pose* (2018) creada por Ryan Murphy, Brad Falchuk e Steven Canals. Tamén se podería empregar o vídeo *Vogue* (1990) de Madonna contextualizando antes o que significa esta forma de expresión e de onde provén, e mesmo aproveitando para introducir a cuestión do apropiacionismo cultural.



[4]

Desenvolvemento: Tras as proxeccións dinamizarase un foro para que as criaturas analicen as pezas que acaban de ver. Cómpre recalcar a importancia destes lugares como espazos de seguraza e de liberdade para comunidades especialmente vulnerables como son as trans afrodescendentes ou latinas. Esta práctica permite a moitas persoas mostrarse como son e sentirse orgullosas de si mesmas.

Podemos convidar a nenas e nenos a que relaten experiencias de lugares onde se senten libres e onde consideran que poden expresarse. Son todos os espazos seguros para nós? Que inflúe para que nos sintamos libres? Hai persoas máis vulnerables? Por que? Que significado ten nas nosas vidas sentirse orgulloso ou orgullosa de si mesmo e da comunidade á que pertence? É importante ter unha comunidade que te acolla?

Esta actividade pódese complementar con unha sesión na que se dinamice un espazo de baile libre e seguro para todas as crianzas. Esta práctica pode repetirse como unha forma de celebración por parte do grupo.

Chaves: O *vogue* -ou *voguing*- é unha forma de *house dance* a partir da *cultura ball* das *drag queen afroamericanas e latinas* de Harlem da década de 1960. O *ball* ten a súa orixe nos anos 20 do século XX, como un lugar propio da comunidade LGBTQI+ afrodescendente de Nueva Iorque -hai teorías que sitúan a orixe nas prácticas dos gais negros presos no cárcere de máxima seguridade da Illa de Rikers (no estado de Nova Iorque). Nos anos 70 créase un sistema de familias, as casas -ou *houses*- dirixidas por unha muller, polo xeral trans, que acolle a mozos repudiados. Atópanse en festas nas que celebran as súas vidas e formas de expresión. Nestes encontros compiten realizando unha «presentación» ou *performance* que consiste en movementos que imitan as poses das modelos nas revistas de moda. Esta práctica segue a desenvolverse como unha forma de baile propia da cultura ball LGBTQI+

2

Perxuro e conxuro

Materiais: material para escribir e pintar e folios.

Desenvolvemento: Esta proposta busca reforzar a vinculación do grupo, acollendo toda a diversidade. Comezar o traballo con algunha técnica aberta, como unha chuvia de ideas, que permita canalizar as ideas e os sentimentos arredor do grupo que forman. Como senten o grupo? Que significa estar neste grupo? Como valoran a diferenza? Senten que o grupo está unido? Sente o apoio do grupo? Hai diverxencias? De onde xorden? Que sucede

cando se dá un conflito? Como se acolle ás persoas novas que chegan á aula? Séntense libres no grupo? Prestan atención ao coidado? Atenden e expresan os sentimentos e emocións propios e os do resto da rapazada?

As conclusións que saquen desta primeira parte servirán para elaborar un conxuro no que recollerán, de forma consensuada, todo o que queren para o grupo nun período de tempo que decidirán de forma conxunta. Hai que facilitar que estean presentes as voces de todas as crianzas.

Chaves: Este ritual conecta co simbólico e permite traballar cuestións importantes para o benestar e o coidado do grupo de forma libre e valorando a diversidade de voces e experiencias. O conxuro pretende ser só un dispositivo para crear un espazo seguro de expresión.

Poden utilizar a escrita, o debuxo ou a fórmula que prefiran para elaborar este acordo. Esta actividade pode repetirse periodicamente ou cando o grupo o precise, variando as técnicas empregadas para permitirlles experimentar diferentes fórmulas de expresión.

Nos contidos desta unidade didáctica comprobamos como as organizacións pola diversidade sexual empregan técnicas moi diversas para reivindicar e celebrarse. A creatividade activa a capacidade de transformar a realidade e permítenos crear os nosos propios imaxinarios.

Hai moitos colectivos que poden servir de referencia para estas prácticas mais, pola imaxinación das súas accións, destácanse as **W.I.T.C.H** (*Women's International Terrorist Conspiracy from Hell*, Conspiración Terrorista Internacional de Mulleres do Inferno), fundadas en 1967 –pese a non ser unha organización lgbtqi+ como as que se recollen nos exemplos anteriores. Este grupo -a través de feitizos, conxuros e aquelarres- quixo recuperar as bruxas, inimigas e castigadas polo heteropatriarcado capitalista, como un dos primeiros colectivos que fixo fronte ás opresións.



3

Mani Festa Acción

Materiais: Cartóns, material para pintar e calquera outro que se decida utilizar nas accións que se deseñan para a actividade.

Desenvolvemento: Esta actividade consiste en organizar unha marcha, pode ser no centro educativo ou fóra. Para levar a cabo esta acción realizaranse os preparativos necesarios: identificar en asemblea as cuestións que se queren reivindicar, organizar e convocar a marcha; xestionar os trámites que sexan precisos; facer carteis onde se indique o percorrido, o lema, o horario e o lugar de encontro utilizando linguaxe inclusiva; redactar un manifesto conxunto no que se reúnan todos os puntos polos que se acordou a protesta. Durante a acción convén que haxa grupos de apoio e coidados, facilmente identificables, para resolver calquera cuestión que poida xurdir.

Tras a realización da marcha é importante facer unha avaliación de todo o proceso.

Se o grupo o considera poden tomarse rexistros para documentar a actividade (tomar algunha foto, gardar os materiais empregados, arquivar o manifesto, gravar as opinións das persoas participantes etc.)



Chaves: Esta dinámica permite ao alumnado asumir o seu papel activo nas transformacións sociais polo que se recomenda que a dinamización da actividade fomenta a autonomía e a autoxestión da rapazada. Unha posibilidade pode ser preparar unha ManiFestaAcción. Grupos como as **Maribolheras Precarias**

na Coruña, o colectivo da activista **Laura Bugalho** –**TransGaliza**- ou as xa nomeadas **Lerchas** de Ourense organizaron un tipo diferente de marchas chamadas Mani Festa Acción. Nas súas convocatorias reunían, nun mesmo acto, unha marcha reivindicativa, unha acción artística de rúa nun punto ou varios do percorrido cun ambiente de festa e celebración na toma do espazo público.

Seguimos aquí

Os discursos e accións do activismo lgbtqi+ foi crucial para asentar as bases teóricas da actual situación de dereitos civís e alentar o traballo político, organizativo e social. As actividades que se propoñen nesta unidade didáctica teñen como punto de partida estratexias e accións de reivindicación e celebración propias do movemento LGBTQI+. O criterio, nesta ocasión, foi recoñecer o traballo fundamental de colectivos diversos, de diferentes territorios. Non están todos os que son pero si son todos os que están.

Continúa a necesidade do traballo político dos movementos sociais lgbtqi+ en cuestións concretas como a despatoloxización trans, a maternidadelésbica, as persoas inmigrantes con VIH/sida con e sen papeis, etc. E outras que poidan problematizarse nos próximos anos. Como di Mari Luz Esteban o amor é necesario, pero non suficiente. Necesitamos xustiza, reparación, apoio mutuo...

Para todas as persoas represaliadas, estigmatizadas e maltratadas pola súa orientación sexual, a súa identidade ou a súa expresión sexoxenerica. Por non ter medo. Por ser. Grazas por facer para nós un mundo un pouco máis libre.

Todas as imaxes utilizadas neste traballo teñen unha finalidade educativa e de recoñecemento, non lucrativo.

Índice de imaxes

[1] Acción de protesta do colectivo Queer Nation

[2] Ruda, a heroína bigotuda creada por Mujeres AL BORDE

[3] Imaxe do Museo Feminista Itinerante das Lerchas

[4] Fotografía de Chantal Regnault que retrata a participantes dun *ball*

[5] Rexistro dun exorcismo levado a cabo polas W.I.T.C.H na Universidade de California. Fotografía de Roy Walford.

[6] ManiFestaAcción na queerunha (2008) organizada por Maribolheras Precarias

